LA LINEA DEL DEMO

Carpetulla parida en LALIN, con moita dolor
e sacrificio, e pola gracia do noso Señor
Jesucristo, no ano de gracia de
MELNOVECHENTOSCHOCHENTAYCHOCHO
un día dun mes dun ano calquera.

Asistiron ó Parto:

PORTADA ..... LAXEIRO
LIMIAR ..... XOSE PAYO

Cantar de cegos:

TEXTO ..... MARILUZ MENDEZ
DEBUXOS ..... PAIO

CONTRAPORTADA ..... AYMERICH

LALINISMO

Que é Lalín senón un cantar de cegos onde pracer e traballo se mesturan ata facer realidade aquela sentenza de Descartes: “o bo sentido é a cousa mellor repartida do mundo”.

Oh! Lalín, paria e narcisista onde a miseria e a opulencia non deixan de participar nese ludismo antropolóxico equidistante, antítese viva dunha terra de xentes poderosamente mediocres ou mediocremente poderosas, que vai ti saber.

Lalín, ociosa, estereotipo de vila culta, cun xeito de entender a arte moi de seu. Terra de gran sona artística e mesmo camaleónica da política. Rebelde e submisa, antítese e paradoxal ao mesmo tempo, nun xeito de vivir as cousas...; velaí: infrapolítica, cultura, deporte, relixión... Idiosincrática no vivir: festa, rebumbio, algarabía...; e por riba de todo unha conceptual *anomia* niso de entender a cultura, en lle dar un significado moi de seu, iso si universalista e no entanto egocéntrico. Patria de persoeiros que lle deron valor ao local desde diferentes ámbitos: astronomía, matemáticas, literatura, onomástica, cine, investigación, pintura... Mais é precisamente o ámbito artístico o que máis popularidade lle deu a Lalín, por parte dos xa míticos Laxeiro, Lamazares, Sucasas, Vidal Payo, Willy... e de tantos novos laxeiros do misticismo sensorial intérpretes da realidade, uns xa consagrados e outros en proceso: Aymerich, Paío, Armindo, Nicolás...; e as e os que virán.

Lalín artisticamente anovadora, innovadora, inqueda...; mais, asemade, tristemente masa amorfa, polimorfa, submisa. Lalín depredadora do pasado, arribista do presente, e quen sabe se recuperadora dese pasado nun futuro hipoteticamente irreal. Especuladora, maniática do asfalto e do automóbil, caoticamente urbanística e arquitectonicamente estragadora.

Lalín terxiversadora da festa, mais, ende ben, festa mesma.

Ai! Lalín, eiva existencial, curruncho do capitalismo máis ambiguo, coa verdade de pé de banco. Espello espanto da realidade feita lenzo, pedra... nunha palabra arte.

Lalín antitética por natureza. Corazón e capital lúdica da Galiza entrega, onde o importante, como se adoita dicir, é comer ben e ter os pés quentes.

Pero que terá Lalín que mesmo os forasteiros, unha vez lonxe, axiña senten saudade dela.

E que vai ter home e que vai ter...Que Lalín éche o demo.

Xosé Payo. 1988 (revisión 2019)

Veñan señores para a festa
veñan todos de corrido
teñan os ollos atentos
para sabe-lo acontecido.

-47/500

Era un demo repoludo
de todos o máis garrido
cos cornos ben afeitados
e os fuciños relamidos.

47/100

Era tan demo tan demo
e tiñao tan presumido
que mesmo seu pai elle dixo,
-¡É-lo demo meu fillo!

42/100

Un dia de romaria
na vila dun meu amigo
tentoulle o barullo ó demo
e quixo facerse o viro.

47/500

Botouse un cheiro abafante
colonia para demo fino
e con vestido de festa
saíu do inferno a modiño.

47/500

Na festa todo era festa
as tracas facían ruido
os mozos bailan coas mozas
ó xunto e ó agarradiño.

Gustoulle ó demo unha moza
que tiña verde o vestido
coa faciana tan feitiña
que era para darlle un bico.

47/500

O demo ben arrogante
e de altanería enchidó
chegándose á moza díxolle
"¿Botas un baile comigo?"

47/500

A moza grande picarona
de rogar fixo o pedido
por verlle cara de trasno
a aquel mozo tan garrido.

47/500

Insistíu sen máis o demo
por non darse por vencido
pois quen non chora non mama
iso tiñao ben sabido

47/500

Xa bailando coa Maruxa
estudiou en detido
como podía facer
para que ela lle dera un bico



47/500

Deulle voltas á cachola
para buscar algún motivo
que a rapaza vise ben
e non houbera perigo.

47/100

Mentres tanto Maruxiña
tan coqueta como digo
mirábao cos ollos doces
e arregrábase o vestido.

47/100

Despois de ben trebellar
para poder consequilo
tentou pedirllo á rapaza
dun xeito que fora fino.

47/100

- "Dásme Maruxa un..."
- "Non che dou nada perico..."
O demo quedou calado
sen termina-ło pedido.



47/100

Cheo de aquanta-las ganas
o demo róuballe un bico
que xa estaba desexando
ó verse pico con pico.

47/500

Soltouse logo, dun pouco
porque se lle ía o sentido
fóiselle, Deus ben o sase
co que houbo acontecido



Ben non puido respirar
cando a moza de corrido.
agarrouno por un corno
tirándolle del seguido.

47/500

Seguíu tirando e tirando
e caeron no camiño,
e a mora tira que tira
¡Non pensedes que a modiño!

Logo de encherse de darlle
compoñéndose o vestido
levantada a moza dixo:
- Dásme un bico?, eu, un cariño.

47/500

Marchou o demo para o inferno
co corno esmolecido
e púsolle alí unha cura
un doutor moi coñecido.



47/500

E desta historia vos digo
que a contedes ós amigos
que teñan coidado os demos
coas mozas daquel partido.

LALINECHE ODEMO. LALIN

E CHE O DEMO

. LALIN

E CHE O DEMO

1988 AYMERICH